

COMENTARIO LITERARIO “ACCIÓN GALLEGA”

Breve contextualización histórica (1 punto).

Este poema, obra de Ramón Cabanillas, atópase na súa obra *Vento mareiro*, da súa etapa de formación ou pregaleguista. Alcumado no seu tempo “o poeta da raza”, é o grande escritor da literatura galega das primeiras décadas do século XX e o principal representante da poesía das Irmandades da Fala. Como a maioría dos escritores galegos, estivo comprometido na defensa da cultura galega e moi influído pola realidade social da Galiza que lle tocou vivir, isto é, o agrarismo, a loita organizada dos labregos para defenderen os seus dereitos e denunciar as inxustizas ás que se vían sometidos.

As Irmandades aparecen na segunda década do século XX (1916), nunha Galiza caracterizada polo atraso e a emigración. Con todo, nesta etapa producíronse importantes transformacións como o desenvolvemento do movemento agrario, que loita contra os foros (destaca a asociación Acción Gallega, de Basilio Álvarez), o incremento da industrialización e da poboación urbana, o auxe da burguesía e a aparición do movemento obreiro e nacionalista.

O labor das Irmandades desenvólvese en tres grandes eidos: o político, o cultural e a recuperación e dignificación do idioma galego. Como movemento político, nace con eles o ideario nacionalista. No terreo da cultura, fundan editoriais, publicacións periódicas en galego (A Nosa Terra, a revista Nós), crean o Seminario de Estudos Galegos (en 1923, para o estudo científico de Galiza), modernizan e impulsan o teatro. Desempeñaron un papel decisivo na dignificación e recuperación do galego (reivindican a cooficialidade, a súa introdución no ensino e na liturxia, elaboran gramáticas e dicionarios, introducen o galego en ámbitos dos que estaba excluído: política, conferencias, publicacións científicas, radio...)

Cada característica literaria ben indicada 0,5 puntos (total 1 punto).

Exs.:

- Neste poema observamos unha das liñas temáticas fundamentais na poesía de Cabanillas, como herdeiro de Curros: a cívico-social. De feito, este poema constitúe o Himno do movemento agrario citado e, como tal, anima os galegos a loitar contra os caciques. Anímaos á rebelión, a liberarse da escravitude dos foros.
- A nivel formal, neste poema encontramos unha métrica e rima tradicional, que predomina na obra do autor, continuísta da poesía do Rexurdimento.

Outros dous poetas desta mesma época pero de movementos literarios distintos e breve explicación (0,25 puntos cada un). Se só indican os nomes de dous poetas, 0,15 por cada un.

Exemplos:

- Antonio Noriega Varela. Poesía tradicional, con temática paisaxística e costumista. Pon en valor nos seus poemas os elementos máis humildes da natureza.
- Amado Carballo. Vangarda (hilozoísmo). A diferenza de Cabanillas, non se centra na temática social, senón que crea poemas impresionistas coa natureza personificada como centro.
- Manuel Antonio. Vangarda plena. Poesía moi distinta á de Cabanillas, tanto na forma (versolibrismo), como no contido (interpretación da paisaxe -o mar- desde un enfoque novo, moi persoal).